## En localidades como Caión y Cerceda esperarán al fin de semana

# Las fiestas en honor a la Virgen del Carmen arrancan hoy en la comarca

REDACCIÓN > CARBALLO

■ Muchas localidades de la comarca se preparan para celebrar estos días la tradicional festividad del Carmen, entre ellas Zas y las villas marineras de Corme, Camariñas y Cee, que ofrecerán desde hoy los primeros actos incluidos en sus respectivas programaciones, mientras que otros lugares como Caión y Cerceda esperarán al fin de semana para honrar a la patrona de los marineros.

En el núcleo pontecesano de **Corme** el programa de las fiestas del Carmen arrancará esta noche a partir de las 23 horas con una gran verbena a cargo de Super T y Juan Mallo. Los actos continuarán mañana con la celebración de la jornada principal con un pasacalles matinal que ofrecerá la Banda Municipal de Música de Cee y con la misa solemne en honor a la Virgen a las 12 horas, seguida de la tradicional procesión marítima con salida desde el puerto a partir de las 13 horas. En el apartado musical, la jornada contará con la actuación de la orquesta Os Players en la sesión vermú, que volverán por la noche para compartir cartel en la verbena junto al grupo Aché.

**Camariñas** también inicia hoy sus festejos organizados por la Asociación Virxe do Carme que durarán hasta el domingo. Hoy habrá verbena con las orquestas La Oca y Chaston pero mañana será el día grande, en donde no faltará la tradicional procesión marítima con su traca de recibimiento ni la Danza de Arcos para honrar a la Virgen, ni tampoco las sesiones musicales que estarán a cargo de Casablanca y Charleston Big Band con una gran sesión de fuegos de artificio a medianoche. Los actos seguirán el viernes con una verbena con las orquestas Salsa Rosa y Marbella y el sábado con una sardiñada en Area da Vila y las actuaciones de Jocker y París de Noia. El colofón lo pondrá el domingo la celebración del Día do Neno. La procesión del Carmen también se llevará a cabo mañana en **Cee** después de la misa solemne que tendrá lugar a las 20 horas y que contará con la Banda O Rumbo de Sardiñeiro de Fisterra.

En **Zas** comenzarán hoy con una verbena con el grupo Ciclón y mañana habrá una gran traca, misa a las 13 horas con procesión con el acompañamiento de la banda de música Eduardo Pondal de Ponteceso y música con Galilea y Suavecito. El viernes, por último, habrá misa a las 13 horas y actuarán Venezia y Nova Palma.

El Carmen se celebrará el próximo fin de semana también en la villa larachesa de **Caión**, que honrará al Corpus el sábado con Fin de Siglo y con Casablanca el domingo, día grande con misa en el puerto y procesión marítima. Al igual que **Cerceda**, que contará con las orquestas Acordes y Los Príncipes el viernes, Carrusel y Caribe Show el sábado y Embajadores el domingo.



Las asistentes ayer a la primera sesión en el Centro Cívico de Malpica MAREMA

# Las mujeres de Malpica aprenderán a autovalorarse en dos nuevos obradoiros

REDACCIÓN > MALPICA

■ El Concello de Malpica puso en marcha ayer tanto en el Centro Cívico de la capital municipal como en el Centro Comarcal de Buño dos obradoiros de "Autoestima y autovaloración" impartidos por la técnica municipal de Igualdade, Inés Calvo González, además de dos técnicas pertenecientes a la oficina de Igualdade e Benestar de Carballo.

Como actividad dirigida solamente a mujeres, las clases se llevarán a cabo todos los martes de 10.30 a 12.30 horas durante un mes y cuentan con la participación de un total de 14 personas en el caso de las de Malpica y de 16 en las que tienen lugar en Buño (que ya son su segunda edición), y su principal finalidad es la de proporcionar espacios de conocimiento y apoyo mutuo para fomentar la autoestima y la valoración personal de las alumnas.

Aunque no todas las inscritas puideron asistir ayer a la primera sesión, la jornada se centró sobre todo en el trabajo en grupo y en buscar la comunicación entre ellas. Por eso cada una escribió sobre las cosas que le gustaban de su persona y las que no, y con todos los trozos de papel elaboraron un mural que permanecerá expuesto durante el tiempo que dure el curso, y expusieron además sus cualidades positivas y los deseos para el futuro en relación a una misma por parte de las demás compañeras, terminando con una sesión de relajación en grupos de tres. Esta misma dinámica de trabajo se repetirá en las próximas sesiones.

## breves



Los participantes posaron con el alcalde y la concejala de Deportes

### A Laracha celebra esta semana el segundo turno de su campamento municipal de verano

■ Este semana se está llevando a cabo en el arenal de Caión el segundo turno del campamento de verano del Concello larachés dirigido esta vez a jóvenes de entre 12 y 15 años, a los que visitaron el lunes el alcalde y la concejala de Deportes. Tanto en la playa como en el centro sociocultural, la treintena de participantes junto a tres monitores realizan varias actividades como juegos, manualidades y aerobic, una jornada multiaventura, un obradoiro de nutrición y una ruta de senderismo. Además, mañana irán al Aquapark de Cerceda y el viernes al Centro Hípico Casas Novas de Arteixo, terminando por la tarde con una gran fiesta en el polideportivo.

### Xan Mella participará en el IV Certamen "En clave coral"

■ La Coral Xan Mella de Baio (Zas) fue seleccionada junto a 23 coros más de Galicia para participar en el IV Certame de Corais "En clave coral" que organiza la Federación Coral Galega (FECOGA) y la Consellería de Cultura de la Xunta. Se trata de la cuarta ocasión en que la coral baiesa dirigida por la profesora Tatiana Pankrátova es elegida para este encuentro en el que son invitadas a participar todas las corales gallegas.

### Cee expone los carteles de todos los encuentros de mayores celebrados

■ La delegación de Benestar Social e Igualdade del Concello de Cee ofrece una exposición en el Centro Social en la que se recopilan los carteles de todas las "Xuntanzas de confraternidade dos nosos maiores" celebradas hasta el día de hoy. Por otro lado, realizará el próximo 8 de agosto una ruta de senderismo al Monte Pindo con salida a las 8.30 horas de la estación de autobuses, con inscripción en la Casa do Concello.

### Sesión de "Noites de cine" en la Praza de San Cristovo carballesa

■ Hoy continuarán las "Noites de cine" de Carballo con la proyección de "Pequeños salvajes" a las 22.30 horas en la Praza de San Cristovo. El programa del Verán Cultural seguirá el viernes a las 20 horas en el Xardín Municipal con el espectáculo "Varietés" de Títeres Seisdedos, en el que intervendrán un equilibrista, una medium, un trapecista, una cupletista y, como no podía faltar en todo circo, una cabra malabarista.

### A Laracha ofrecerá un curso de alfabetización y otro de memoria

■ A Laracha tiene abierto el plazo de inscripción para el curso de alfabetización que comenzará en breve en la capital municipal y el obradoiro de memoria que se llevará a cabo en A Laracha y Caión dirigido a los mayores del municipio. Los interesados en participar en ambas propuestas deberán formalizar la correspondiente inscripción, gratuita, en el departamento de Servizos Sociais, en el teléfono 981 605 001.

### El Concello de Carballo y la Universidade da Coruña inauguran el V Curso de Verán

■ El Pazo da Cultura de Carballo acogerá hoy a las 10.15 horas el acto de inauguración del V Curso de Verán sobre dinamización lingüística "Traballando en lingua" organizado por la Universidade da Coruña en colaboración con el Concello y la CNTL. A las 11 horas tendrá lugar la primera conferencia a cargo del sociolingüista catalán Miquel Strubell y a las 12.30 horas la segunda con el juez Luis Villares. Ambas sesiones estarán abiertas al público.

# Diario de Bergantiños
El Ideal Gallego

16 | 07 | 09
Jueves
16 de julio de 2009
1 EURO

Año XCII
Número 34.108
A Coruña

www.elidealgallego.com


EDUCACIÓN > 11
Carballo abrió su curso de verano con un debate sobre el idioma



ECONOMÍA> 47
Caixa Galicia y Caixanova firman con Sacyr su participación en Itinere



METROPOLITANA > 19
El PP propone que el área coruñesa la formen sólo sus municipios limítrofes

# La Xunta logra 64 millones más, pero sigue insatisfecha con la financiación

**GALICIA** se abstuvo en la votación del modelo por el gesto del Gobierno de aumentar su partida

**EL EJECUTIVO** gallego insiste en sus críticas al documento por no tener en cuenta la emigración

■ Galicia consiguió 64 millones más, que vienen a sumarse a los 590 ofrecidos en el proyecto para la financiación. Por ello, y ante lo que considera un gesto de la Administración central, el Ejecutivo gallego se abstuvo en la votación del modelo, que fue aprobado con 27 votos. Sin embargo, la Xunta critica que el plan no concrete cifras, ni tenga en cuenta la emigración. > 29 Y 30

## Acusan al Concello de Laxe de ubicar el campo de fútbol en un terreno privado

■ El ex alcalde, Antonio Castro no sólo afirma que el recinto deportivo se está construyendo en un solar de propiedad privada, sino que entiende que la administración local está cometiendo una irregularidad urbanística por cuanto en el emplazamiento elegido no se puede hacer ningún tipo de actuación. > 02

## SUMARIO

PLANEAMIENTO

### Coristanco inicia los trabajos para adaptar el PXOM a la Lei do Solo

■ El alcalde asegura que los técnicos explicarán los cambios a los vecinos y recogerán sugerencias. > 09

SOCORRISTAS

### El gobierno local malpicán defiende su rigor al contratar el servicio > 07

HORTICULTURA

### A Laracha acogió un campo de ensayo sobre cultivo de tomate > 07

OBRAS

### El Concello de Carballo dota de una nueva aula al colegio Fogar > 03



La manifestación se celebró en las inmediaciones del consistorio y fue respaldada por la corporación local — MARCOS RODRÍGUEZ

## Cee exige un mejor servicio de pediatría

■ El anuncio de la Consellería de Sanidade de que el centro de salud de Cee pasa a contar desde esta misma semana con servicio de pediatría de lunes a viernes, frente a los tres días que venía funcionando hasta ahora, no hizo desistir a los padres de su intención de manifestarse para protestar por el deficiente servicio. Unas doscientas personas secundaron la concentración fijada para ayer y pidieron que se nombre a dos especialistas para atender a una población infantil integrada por 1.300 niños. > 07

## La "Semana en Branco" se recrudece con dos ganaderos heridos en Santiago

■ La "Semana en Branco" se recrudeció ayer en Santiago durante la tercera jornada de protestas por la crisis láctea, en la que dos ganaderos resultaron heridos en los enfrentamientos con la Policía. Los sindicatos denuncian que se coarta el derecho a una movilización que cuenta con todos los permisos. > 31

ACUICULTURA

### Afectados y ecologistas muestran su satisfacción por el anuncio del PP de retirar el plan acuícola > 05

TRIBUNALES

### Detienen en Zaragoza al ascensorista condenado por un asesinato en Arteixo cuando intentaba huir > 16


Si eres autónomo, te hacemos la vida más fácil.



Descubre nuestras condiciones especiales para autónomos.

Sabemos que, cuando eres autónomo, cualquier ayuda viene bien. Por eso, si quieres un Volkswagen, te ayudamos. Ven y descubre nuestras condiciones especiales para Passat, Passat Variant, Passat CC, Jetta, Golf Variant, Touareg... Date prisa, sólo tienes hasta el 31 de Agosto para que tu vida sea más fácil.

A CORUÑA

EDUARDO FUENTES, S.A. Mirón-Bértoa, s/n - Telf. 981 704 691 - 15106 CARBALLO

**O público en xeral poderá asistir hoxe á inauguración dunha exposición e a unha obra teatral**

# O V Curso de verán comezou en Carballo co debate colectivo para a defensa do galego

REDACCIÓN > CARBALLO

O Pazo da Cultura de Carballo acolleu onte a posta en marcha do V Curso de verán sobre Dinamización Lingüística organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello carballés e a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL). Arredor de 80 persoas, a maioría expertos en normalización lingüística, traballarán ao longo de tres días ata mañá para debater e analizar o compromiso e os argumentos para a promoción da lingua galega, como finalidade desta nova edición.



Sanmartín (esquerda), Lorenzo, Ferrero, Sande e Vidal MAREMA

O acto inaugural contou coa presenza do alcalde de Carballo, Evencio Ferrero; o presidente da CTNL, Nel Vidal; a directora do Servizo de Normalización Lingüística da UdC, Goretti Sanmartín; o deputado responsable de Normalización Lingüística da Deputación coruñesa, Xoán Manuel Sande; e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Anxo M. Lorenzo.

Evencio Ferrero foi o primeiro en intervir dándolle a benvida a todos e agradeceu á Universidade da Coruña "por elixir un ano máis Carballo como sede da actividade". En canto ao contido do curso, indicou que as administracións "temos a obriga normativa e lexislativa de impulsar o galego en todos os ámbitos sociais" e que "o noso compromiso é colaborar en todas as iniciativas que axuden a ese impulso do idioma colectivo de todos os galegos". Pola súa parte, Nel Vidal recoñeceu aos participantes o esforzo "por achegarse a Carballo durante os tres días, que tamén demostra o compromiso individual de cada un". Sobre esta nova edición apuntou que "pensamos que tiña que ser especial polo momento en que está a vivir a lingua, no que dende a administración autonómica se deron pasos atrás na normalización lingüística, todo un retroceso social que non debemos permitir que se convirta en fracaso".

Sande destacou a colaboración da Deputación coa Universidade dende o 2004 e a importancia de apoiar aos concellos así como do "compromiso individual de cada un de nós coa lingua", e Sanmartín referiuse á finalidade do curso de "facer un camiño conxunto para seguir fomentando a lingua" e dirixiu aos participantes algunhas recomendacións para as xornadas, como que "sexamos capaces de escoitar as experiencias individuais nos diferentes grupos de traballo para logo sacar conclusións que esperamos sexan útiles para a sociedade galega e para o avance da nosa lingua".

Por último, Lorenzo falou da necesidade de poñer en marcha liñas de actuación "que garantan a permanencia, transmisión e proxección futura do galego" e do proxecto da primeira rede local de dinamización lingüística que o seu departamento está poñendo en marcha, "mantendo as bases sobre as que se construíu o pacto lingüístico nestes últimos trinta anos e buscando espazos para o consenso".

**Primeiras actividades >** A xornada inaugural contou en horario de mañá con dúas conferencias abertas ao público a cargo do sociolingüista catalán Miquel Strubell i Trueta e o xuíz Luís Villares, esta última sobre o estado democrático e a normalización lingüística, e o programa continuou pola tarde cos grupos de traballo sobre bilingüismo e conservación do idioma e sobre lingua e ensino coordinados por Isabel Vaquero e Valentina Formoso.

### Segunda xornada de conferencias, grupos de traballo e unha táboa redonda

A xornada de hoxe comezará ás 10 horas cunha sesión aberta ao público no auditorio coa profesora Pilar Freitas que falará sobre as "Pegadas actuais da represión lingüística exercida sobre o galego ao longo do S. XX". Ás 11.45 horas terá lugar no salón de actos a táboa redonda "A necesaria perspectiva individual na defensa dos nosos dereitos" a cargo de Miguel Moreira e Beatriz Vilaverde e presentada por Nuria Seoane. A mañá ofrecerá unha segunda charla ás 13.30 horas no salón de actos sobre "Aproveitamento das redes de apoio á lingua por parte dos SNL. Deseño de accións de implicación colectivas" con Iolanda Gomis. Pola tarde seguirán os grupos de traballo nas aulas do Pazo da Cultura que versarán sobre "O papel da irradiación lingüística" e "A integración no galego desde outras realidades" que estarán coordinados por Nel Vidal e Rosa Moreiras. Por último e como actos abertos ao público, ás 20 horas inaugurarase a exposición "Crónicas da represión lingüística" no andar -1 e ás 20.30 horas representarase a obra teatral "Comedia bífida" de Teatro Bicodobrelo no auditorio.

# "Debemos traballar para que a defensa da lingua sexa vista como un desexo transversal"

REDACCIÓN > CARBALLO

A primeira conferencia impartida nesta quinta edición do curso, presentada polo profesor David Cobas, estivo a cargo do sociolingüista catalán e profesor da Universitat Oberta de Catalunya, Miquel Strubell i Trueta, sobre as "Razóns para defendermos as linguas ameazadas".

Na súa intervención realizada en case un perfecto galego ou en "galego oriental" como el mesmo calificou, Strubell comezou sinalando a súa preferencia por utilizar o termo de "linguas ameazadas" en lugar de "linguas minoritarias" e indicou que "a lingua non é culpable da situación dun determinado lugar e época, e que non entender isto pode levar a moitos fracasos por intentar cambiar a situación dunha lingua". Falou ademais da importancia de ser conscientes da ideoloxía que levou ás difíciles situacións de moitas linguas actuais e que ese espíritu "invade o razoamento da estructura principal dun estado".

Pero o sociolingüista catalán centrou a súa ponencia principalmente en dar razóns de por que e para que hai que defender unha lingua ameazada, entre elas porque así se reforza a autoestima da comunidade lingüística "que hai que coidala máis entre os menos poderosos". De aí a importancia da lei para defender dereitos, posto que "cando hai unha lei ao seu favor, a autoestima non fai máis que aumentar", indicou.



O sociólogo Miquel Strubell (esquerda), na súa intervención onte MAREMA

Tamén aludiu a motivos económicos, como o feito de que o poliglotismo abre a porta de máis postos de traballo, así como psicolóxicos, culturais e mesmo ecolóxicos, onde a diversidade actúa como fonte de potencialidade.

A modo de conclusión, Strubell sinalou que todo isto ten o mesmo fondo común que é que "os falantes destas linguas non queremos máis que o que queren os falantes das linguas que non están ameazadas, que é a súa normalidade. Por iso cre convinte "ir pensando na lexitimación dos nosos obxectivos" xa que coida que "é importante traballar para que a defensa do galego sexa percibida pola sociedade como un desexo transversal e non como o interés dun partido".

# La Fundación Torre-Pujales de Corme organiza un nuevo programa de charlas para este verano

REDACCIÓN> PONTECESO

La Fundación Torre-Pujales de Corme, en Ponteceso, ofrecerá un nuevo programa cultural con una gran diversidad de conferencias que se llevarán a cabo este verano en el salón de actos de la cofradía. Para empezar, la entidad ofrecerá mañana a las 20 horas una charla-coloquio sobre el vídeo "Corme, paisaxe e contorna" con Carlota Cuesta y el sábado una conferencia sobre bailes tradicionales y de salón impartida por Patricia Fariña. Otra sobre cantares y refranes gallegos tendrá lugar el 24 de julio por parte de Catalina T. Castillón, catedrática de la Universidad de Lamar en Texas (EEUU).

Ya en agosto, el profesor Xosé Pujales hablará el día 1 sobre la observación de las estrellas en este año dedicado a la Astronomía seguida de una posterior observación del cielo con la ayuda de 12 telescopios especiales, el día 8 lo hará la especialista sanitaria Mª Teresa T. Cervigón sobre los huevos y su importancia alimenticia, el día 14 estará el economista Miguel Ángel Mendo que versará sobre la economía en tiempos de crisis, el 22 sobre la historia de Corme desde el siglo XVI hasta la actualidad a cargo de Jesús Méndez Torrado y por último, el 5 de septiembre sobre la pintura de Julio Pujajes vista por la especialista de arte Ánxeles Penas. Además, el 29 de julio habrá un concierto de ópera y zarzuela en la iglesia parroquial y el 12 de septiembre un recital poético-musical.

# Muxía ofrecerá un espectáculo de regueifas mañana por la noche en el paseo marítimo

REDACCIÓN > MUXÍA

El Concello de Muxía ofrecerá mañana, dentro de su programa de Actividades de Verán, un espectáculo de regueifas a cargo de los bergantiñáns Suso da Laracha y Antonio de Xornes, conocidos por su colaboración en el programa Luar de la TVG. La sesión tendrá lugar a partir de las 21.00 horas en el paseo marítimo de la localidad y en caso de lluvia se trasladará al Edificio do Voluntariado.

Además, ese mismo día en el Edificio do Voluntariado comenzarán las clases de bailes de salón que se llevarán a cabo en horario de 21.00 a 22.30 horas y en las que podrán participar todas las personas mayores de 55 años, siempre que estén inscritas.

Preto dun cento de expertos de normalización asisten ao curso de verán «Traballando en Lingua»

# Anxo Lourenzo di que a Xunta porá en marcha liñas de protección do galego


O secretario xeral de Política Lingüística (primeiro pola esquerda) foi o encargado de inaugurar as xornadas | CASAL

La Voz

CARBALLO | O secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Anxo Lorenzo; o deputado provincial responsable de Normalización Lingüística, Xoán Sande; o alcalde de Carballo, Evencio Ferrero; a directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, Goretti Sanmartín, e o presidente da Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua, Nel Vidal, inauguraron onte a quinta edición do curso de verán sobre dinamización lingüística *Traballando en Lingua*, que se está a celebrar no Pazo da Cultura de Carballo e que rematará mañá.

Durante o acto de inauguración do curso, ao que asisten preto dun cento de expertos en normalización lingüística, Anxo Lorenzo falou da necesidade de «poñer en marcha programas e liñas de actuación que garantan a permanencia, transmisión e proxección futura do galego», obxectivos cos que, dixo, están comprometidos a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xunta en xeral. Ao mesmo tempo, resaltou que «o Goberno galego manterá as bases sobre as que se construíu nestes últimos trinta anos o pacto lingüístico, fundamentado na cooficialidade, na consideración do galego como lingua propia de Galicia, na acción positiva cara ao galego e na aplicación do principio de non discriminación por razón de utilizar linguas cooficiais».

Na xornada de onte os participantes tamén puideron escoitar as conferencias do sociolingüísta Miquel Strubell e do xuíz e coordinador en Galicia de Xuíces pola Democracia, Luís Villares Naveira. O primeiro fixo unha amena enumeración das razóns polas que hai que defender as linguas ameazadas. Entre elas, explicou, está a necesidade de reforzar a autoestima da comunidade lingüística. Asegurou, ademais, que hai importantes factores económicos e puxo como exemplo o galés, idioma que, dixo, «proporciona miles de postos de traballo para os mesmos galeses». Entre as vantaxes destacou tamén o adestramento mental que proporciona o feito de utilizar dúas o máis linguas e asegurou que hai estudos que demostran que os primeiros indicios de senilidade aparecen uns anos máis tarde entre bilingües que entre monolingües.

Pola súa banda, o xuíz Luís Villares concluíu a súa conferencia coa afirmación de que a configuración do Estado como social e democrático «obriga a unha actuación positiva dos poderes públicos no sentido de garantir que as condicións de igualdade de toda a cidadanía galega sexan efectivas, tamén no eido lingüístico, e dado que a lingua galega se atopa obxectivamente en condicións de inferioridade en coñecemento pola nosa sociedade, cómpren políticas activas promovidas polo poder público».

## HOXE

### POLA MAÑÁ

**De 10.00 a 11.15 horas.** Pilar Freitas, profesora no instituto Valle Inclán de Pontevedra falará sobre as *Pegadas actuais da represión lingüística exercida sobre o galego no século XX*.

**De 11.45 a 13.30 horas.** Tras unha pausa de trinta minutos, o salón de actos do segundo andar do Pazo da Cultura acollerá unha táboa redonda sobre *A necesaria perspectiva individual na defensa dos nosos dereitos*, na que participarán Miguel Moreira Barbeito, da Universidade de Santiago, e Beatriz Vilaverde Santamariña, da Mesa pola normalización lingüística.

**De 13.30 a 14.30 horas.** Iolanda Gomis Parada, da empresa Tagen Ata, Lingua e Comunicación impartirá unha conferencia sobre o aproveitamento das redes de apoio á lingua por parte dos servizos de normalización lingüística.

### POLA TARDE

**De 20.00 a 20.30 horas.** Trala celebración de sendos grupos de traballo sobre o papel da irradiación lingüística e a integración no galego desde outras realidades, o alcalde de Carballo inaugurará a exposición *Crónicas da represión lingüística*. Ao acto acudirá tamén o responsable da mostra, Xan Leira.

**De 20.30 a 22.00 horas.** O grupo de teatro Bicodobrelo representará a obra *Comedia Bífida*, de Manuel Núñez Singala.

ENTREVISTA | **MIQUEL STRUBELL I TRUETA** | Sociolingüísta

## «Coincido co belga Peter Nelde cando afirma que o monolingüísmo é unha enfermidade curable»

M. V.


Strubell di que a Internet abre moitas posibilidades ao galego | CASAL

CARBALLO | O sociolingüísta catalán Miquel Strubell i Trueta foi o encargado de impartir a conferencia inaugural da quinta edición do curso de verán sobre dinamización lingüística que se está a celebrar no Pazo da Cultura carballés. Nacido en Oxford en 1949 e licenciado en Psicoloxía e Filosofía pola universidade da vila inglesa na que viu ao mundo, Miquel Strubell é na actualidade profesor da Universitat Oberta de Catalunya, pero o certo é que o seu currículo e a súa bibliografía son moi extensos. Dirixiu o Servizo de Normalización Lingüística da Generalitat e tamén o Institut de Sociolingüística Catalana, entre outros moitos cargos. Firme defensor do multilingüísmo, Strubell avoga pola denominación de «linguas ameazadas», en vez da de «linguas minoritarias», porque, asegura «ás linguas non se lles poden atribuír as culpas de teren máis ou menos falantes».

Na súa conferencia, que realizou en galego —«extremadamente oriental»—, indicou tamén que as ameazas da lingua «veñen de nós mesmos, os falantes, porque non reaccionados ante a marxinación do seu uso, cando nunha democracia, e máis nun mercado libre, temos posibilidades de facelo».

**—¿Cre que existen moitas diferenzas entre a situación actual do catalán e do galego?**

—O curioso é que todos os discursos sobre a situación de diferentes linguas son case idénticos e válidos. Todas as linguas comparten problemas. Como expliquei na miña conferencia, hai xente de fala hispana ou francés que considera que a súa lingua está ameazada e que hai que protexela. E, de feito, moitos de nós diriamos que o seu discurso é case literalmente asumible. Só sería cuestión de cambiar o nome da lingua en cuestión. En canto a comparación catalán-galego, as diferenzas son, en xeral, máis cuantitativas que cualitativas. As ameazas que teñen ambas linguas son similares e os tipos de políticas para contrarrestar os efectos negativos, tamén.

**—Parece que a estas alturas ninguén pon en dúbida que o multilingüísmo é unha riqueza. Entón, ¿por que hai linguas ameazadas?**

—Vivimos nunha parte do mundo no que durante moitos séculos atacouse a riqueza lingüística e cultural cun discurso uniformalizador moi potente, por iso os superviventes atopámonos no proceso de reverter o que pasou durante séculos, pero coincido co belga Peter Nelde cando di que o monolingüísmo é unha enfermidade curable, aínda que hai unha xeración de monolingüístas aos que lles custará moito aceptalo. O que está claro é que os que temos a sorte de ter máis dunha lingua temos unha vantaxe enorme que debemos aproveitar. En contra do que poidan dicir, cremos profundamente na tolerancia e no bilingüismo, por iso quedamos bocabertos cando falsean os nosos conceptos e utilizan a palabra liberdade para manter unha situación inxusta.

**—Como lingua ameazada, ¿corre o galego perigo real?**

—Hai ameazas interiores e exteriores, pero aínda que non houbese as exteriores, con que a xente pensara que as hai, xa sería unha situación crítica, porque o que pense a xente sempre é máis importante que a realidade en si. En calquera caso, penso que hai elementos moi favorables para manter as nosas linguas, como é o caso da Internet, que abre unha gran cantidade de portas para crear unha comunidade activa e compartir recursos. O problema virá se a comunidade galega cre que hai ameazas e reacciona abandonando a súa lingua. Temos que traballar para que cambien de opinión aqueles que pensan que o mellor é abandonar a súa lingua e a súa historia.

**O V Curso de verán chega hoxe ao seu fin cunha xornada adicada ás conclusións de traballo**

# Unha mostra e unha obra teatral afondan en Carballo na situación vivida polo galego

REDACCIÓN > CARBALLO

■ No marco do V Curso de Verán sobre dinamización lingüística que dende este mércores se está levando a cabo no Pazo da Cultura de Carballo organizado pola Universidade da Coruña, a segunda xornada celebrada onte ofreceu, ademais dunha nova quenda de charlas e grupos de traballo para seguir analizando o compromiso individual e os argumentos para a defensa e promoción da lingua galega, unha exposición e unha obra teatral como actividades paralelas abertas a todo o público co fin de seguir afondando na situación vivida polo galego ao longo da súa historia.

A mostra titulada "Crónicas da represión lingüística" foi inaugurada na sala de exposicións do sótano do edificio carballés coa presenza da concelleira de Cultura, Belén Lendoiro; do deputado responsable de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, Xoán Manuel Sande; e do responsable desta exposición, Xan Leira. Nela amósase dunha forma gráfica e audiovisual a memoria histórica en torno á represión lingüística desatada contra a lingua galega e o seu uso a partir do levantamento militar do ano 1936, recuperando as vivencias das persoas que sufriron a imposición do castelán e a represión do galego con fin de reflexionar sobre as súas consecuencias.

Ademais, a participación de investigadores e estudosos neste traballo engádelle o rigor científico necesario para afondar noutros aspectos desta represión lingüística que proxecta a súa longa sombra ata a actualidade. Deste xeito, trátase dunha crónica da represión desatada contra a lingua e a sociedade galega e como esta acción repercute na vida íntima e social das persoas sometidas ao silencio, á humillación, á frustración, en definitiva, á falla de autoestima individual e colectiva do pobo galego.

**Protagonistas >** O proxecto está construído a través de opinións de estudosos do tema lingüístico e dos propios protagonistas deste tipo de represión psicolóxica, entre os que se atopan Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Manuel Fernández Cid, Francisco Fernández del Riego, Agustín Fernández Paz, Raimundo García Domínguez, Xaime Isla Couto, Avelino Pousa Antelo, Elixio Rodríguez Domínguez, Bernardo Souto e Elvira Varela Bao entre moitos outros.

A mostra conta co financiamento da Deputación coruñesa e comeza o seu periplo en Carballo, donde permanecerá no Pazo da Cultura ata o próximo 31 de xullo en horario de 17.00 a 20.30 horas, para logo continuar ata o mes de xaneiro por un total de 13 localidades máis da provincia, entre elas Muros, Val do Dubra, Malpica, Boiro, Ames, Zas e Narón.

O comisario da mostra, Xan Leira, mostrou a súa satisfacción por este traballo "porque pon na rúa algo esquecido na sociedade como foi a represión lingüística que houbo sobre a nosa xente", ao tempo que indicou ser tamén un "protagonista indirecto" como fillo de emigrantes galegos na Arxentina e ter vivido esta situación na súa familia. Pola súa parte, Xoán Manuel Sande referiuse ao "momento axeitado" desta exposición, que dixo estar incluída nunha nova liña de actuación posta en marcha pola Deputación para achegar novos recursos aos concellos.

A xornada ofreceu ademais a representación teatral da obra "Comedia bífida" que tivo lugar no auditorio a cargo de Nobicarelo Teatro. Baseada no libro do mesmo nome de Manuel Núñez Singala, a función presentou con moito humor e ironía algunhas das situacións que a diario vive o idioma galego a través dun xuízo final no que un arcanxo defensor e un demo fiscal dan o seu contrapunto argumental á hora de sopesar as razóns que levan a un galego ou galega a non falar a súa lingua con normalidade. Unha comedia con moita crítica e autocrítica.

**Peche do curso >** O V Curso de Verán chega hoxe ao seu fin coa lectura por parte dos coordinadores e coordinadoras das conclusións tiradas por cada grupo de traballo nestes tres días, coa intervención da directora do Servizo de Normalización Lingüística da UdC, Goretti Sanmartín, sobre "A inutilidade das linguas", e por último coa lectura das conclusións finais desta quinta edición.



Leira (esquerda), Lendoiro e Sande, na presentación da mostra MAREMA


A comedia amosou a situación do galego con humor e ironía MAREMA

## breves

### A Laracha se hermana con la villa francesa de Olonne Sur Mer

■ Una delegación del gobierno de A Laracha, encabezada por su alcalde, José Manuel López Varela, viajará hoy a la villa francesa de Olonne Sur Mer, con el objetivo final de realizar un hermanamiento oficial, que posibilitaría dar a conocer el concello larachés en esta región, y desarrollar diversas actividades de intercambio cultural entre los habitantes de las dos localidades. Así, durante tres días la delegación conocerá de primera mano la historia, cultura y formas de vida de esta villa costera, situada en la región del Loira, a cien kilómetros de Nantes.

### Los cabaneces disfrutarán de una noche mágica con la presentación de Romarís

■ La carballeria do Campo do Briño de la parroquia cabanesa de Borneiro se llenará hoy de magia, con la actuación del Mago Romarís, a partir de las 22.00 horas, en un espectáculo que se enmarca dentro del ciclo Noites de Verano 09 organizado por el Concello cabanés. El espectáculo es completamente gratuito, y está dirigido tanto a niños como adultos, y dará paso mañana a las romerías históricas de la comarca.

### "La reina de África" será proyectada en la Casa dos Veciños de Soesto de Laxe

■ Los amantes del cine clásico disfrutarán hoy, a partir de las 22.00 horas, en la Casa dos Veciños de Soesto de Laxe, de la proyección de la película, "La reina de África", protagonizada por Humphrey Bogart y Katherine Hepburn. La proyección forma parte del programa Cinema de Verán, integrado en la oferta cultural que el concello de la villa costera tiene preparado para el verano.

# El Concello de Corcubión proyectará la película "Orcajo: a teima do arte"

MANUEL SAMBADE > CORCUBIÓN

■ La Casa da Cultura de Corcubión será el escenario de la proyección del Film "Orcajo, a teima da arte", que tendrá lugar hoy y mañana sábado a las 21.00 horas. La presentación contará con la participación del propio Orcajo, pintor nacido en Madrid en 1934, y que pertenece a la generación internacional de los años 60.

Su obra está presente en el Museo Reina Sofía de Madrid así como en otros museos del mundo. Orcajo, que está en la antesala para conseguir el Premio Nacional de Pintura, posee un aliento pictórico que supera las clasificaciones estatales y las tendencias transitadas del arte moderno y contemporáneo. El pintor tiene un vínculo espacial con la Costa da Morte, y hablará sobre la crisis de la pintura como la primera de las artes. En la presentación también se espera contar con la presencia del productor del documental, el inglés Francis Heybrook, ya que el montaje original lleva por título "Orcajo: The Last Painter" y fue producida por NewMusic. También estará su realizador, el periodista afincado en Corcubión, Eric Casais.

El film, seleccionado para el Festival ArteCinema de Nápoles, es un trabajo documental basado en la figura y en la obra de Orcajo, que retoma el discurso de la historia de la pintura desde la modernidad hasta hoy en día, procurando dar forma a una manera de hacer arte que quiere recuperar las guías históricas y resituar el contemporáneo, reproduciendo la historicidad de la pintura. De esta manera, Orcajo encuentra la manera de expresar una salida a la situación actual, dejando patente que la pintura aún no falleció.

# El grupo Indana y Roger de Flor amenizarán la noche carballesa con su presentación en A Reserva

REDACCIÓN > CARBALLO

■ Los fanáticos del rock alternativo se darán cita hoy, a partir de las 23.00 horas, en la sala A Reserva de Carballo, para disfrutar de la presentación del grupo santiagués Indana. Este cuarteto, que ya tiene siete años de vida, es considerado como una de las mejores alternativas dentro del panorama musical gallego, con temas como "Nuestra Ciencia" o "Innato". En la sala carballesa presentarán las canciones de lo que es su primer trabajo discográfico titulado "Bichos", compuesto por diez temas que están teniendo muy buena acogida dentro del panorama alternativo gallego.

Además, los carballeses podrán disfrutar mañana con la presentación de Roger de Flor, un viejo conocido de A Reserva. Por solo 5 euros, aquellos que lo deseen gozarán de la fusión de los ritmos swing y pop con la ironía galaica de los cantautores ibéricos, tan propio de Flor, quien con su primer álbum en solitario, nos mostrará su evolución desde los tiempos de Ferrolterra.



Miguel Moreira, Beatriz Vilaverde e Nuria Seoane participaron nun acto de Traballando en lingua | OLALLA LÓPEZ

Carballo acolleu a segunda xornada das actividades da Universidade de A Coruña

# Os técnicos din que a redignificación do galego pasa pola concienciación individual

P. B. M.

CARBALLO | Vivir en San Sadurniño ou San Santurnino, en Baladouro ou Valle del Oro. Chamarse Catuxa ou Catalina, Xacobe ou Jacobo. A diferenza non é pequena, malia que poida parecer un simple matiz lingüístico. Máis preto temos os casos de Bayo-Baio ou Jora-Xora (en Treos, Vimianzo). Estas cuestións e outras tratáronse ao abeiro do curso de verán Traballando en lingua, que se está a celebrar en Carballo, organizado pola Universidade da Coruña, en colaboración co Concello e a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

Son moitos os que perciben e sofren estas disparidades, pero moi poucos os que as denuncian, segundo se alertou onte nunha táboa redonda. Nela interviron Miguel Moreira Barbeito, da Universidade de Santiago de Compostela e Beatriz Vilaverde Santamariña, da Mesa pola Normalización Lingüística. A exposición de ambos estivo presentada por Nuria Seoane e tiña como obxectivo sinalar a necesidade de tomar unha perspectiva individual para a redignificación do galego. «Non toleramos que nun restaurante se nos trate mal. ¿Por que tolerar o feísmo lingüístico ou admitir que non se respecten os nosos dereitos lingüísticos?», apuntou Beatriz Vilaverde.

Alude con esas palabras á necesidade de defender os topónimos e antropónimos galegos, entre outras iniciativas, tomando conciencia individual, facendo «activismo lingüístico». «A consideración dos dereitos lingüísticos como individuais é a máis frutífera», sinalou o seu compañeiro Miguel Moreira. E iso porque o individuo sería respectado existise ou non unha comunidade que o respalde. A esas palabras, Moreira engadiu: «Non é a solución definitiva pero reinvidicar o noso dereito individual ao galego é o primeiro chanzo para loitar contra a perda da diversidade lingüística».

**Ideas do século pasado**

Previamente á táboa redonda, Pilar Freitas, profesora de Lingua e Literatura Galega no IES Valle Inclán de Pontevedra, abordou a represión lingüística, un aspecto que Miguel Moreira e Beatriz Vilaverde tamén chamaron a denunciar. Enraizando o seu discurso na lexislación do século XV e mediante unha comparanza de textos actuais con outros do século pasado, a profesora alertou de que se están a facer «campañas mediáticas contra certas linguas e, á par, ensalzadoras do castelán».

A situación real da lingua galega é preocupante para a docente, quen mencionou ademais casos concretos de represión. «Fíxose da lingua un motivo de batalla política ao botar man de expresións como imposición lingüística ou batasunización do país», apuntou Freitas Juvino. Segundo as súas palabras, «as diferenzas entre certas ideas lingüísticas dos séculos XIX e XX son practicamente inapreciables con respecto ás ideas de certos sectores da sociedade hoxe en día». E é que, segundo se dixo na súa exposición, hai quen sigue considerando o galego lingua de rústicos e pailáns. Unha «volta atrás» que ela denuncia.

Ideas intensas e intensas actividades que continuaron na tarde de onte, rematando cunha representación teatral.

## O PROGRAMA DE HOXE

A quinta edición do curso de verán sobre Dinamización Lingüística «Traballando en lingua» chega na presente xornada ao seu último día. Os actos concluirán pasadas xa as dúas da tarde.

**DE 10.00 H. A 12.00 H.**
**Do compromiso individual aos argumentos.** No salón de actos (2º andar) do Pazo de Cultura, os coordinadores deste encontro darán lectura ás conclusións tiradas durante as horas de exposicións e debates.

**DE 12.30 H. A 14.00 H.**
**A inutilidade das linguas.** Logo dunha pausa-café, de 30 minutos, Goretti Sanmartín Rei, profesora na Universidade da Coruña e directora do Servizo de Normalización Lingüística da mesma, ofrecerá unha conferencia baixo o título *A inutilidade das linguas*. A súa exposición será presentada por Silvana Castro.

**DE 14.00 H. A 14.30 H.**
**Lectura das conclusións finais.** Igual que nos dous casos anteriores, será no salón de actos do Pazo de Cultura, no segundo andar do edificio.

ENTREVISTA | **PILAR FREITAS JUVINO** | Profesora de Lingua e Literatura Galega

# «Algúns rapaces intentan falar galego, pero á hora da verdade atopan un entorno castelanizado»

**Patricia Blanco**



Freitas comezou a súa carreira como docente en Carballo | CASAL

CARBALLO | Pilar Freitas Juvino, natural de Campo Lameiro (Pontevedra), naceu no ano 1960. Dende o 1982 exerce como profesora de Lingua e Literatura Galega. Comezou a ensinar precisamente nun instituto carballés, o Alfredo Brañas, no que estivo un ano, para logo pasar por outros como o de Marín. Actualmente, e dende hai 23 anos, imparte a citada asignatura no IES Valle Inclán de Pontevedra. Ademais, é autora do libro *A represión lingüística en Galicia no século XX*.

Tendo precisamente como eixo central da súa exposición esa temática, Pilar foi a encargada de abrir onte a segunda xornada do curso de verán Traballando en lingua que se está a desenvolver estes días en Carballo. Ao abeiro dos seus 26 anos de experiencia cos alumnos, fai unha valoración da situación do galego nas aulas.

**—A lingua galega ha de traballarse dende o día a día, mais tamén se fai nas aulas. ¿Cal é o papel que lle corresponde ás escolas ou, no seu caso, aos institutos?**

—Evidentemente os rapaces saen dos institutos cunha formación en lingua e literatura galega. O problema non é ese senón a creación de verdadeiros falantes desta lingua. É fundamental o papel do galego no ensino, así como o papel do ensino no galego. No obstante, é algo que ha de coidarse de xeito cotiá e non só nas aulas.

**—O papel dos pais, da familia en xeral, é logo fundamental.**

—Por suposto. Considero fundamental que os rapaces aprendan nun contexto familiar a lingua galega. O contorno é moi relevante. Atópome con alumnos que me din: «Profe, imos intentar falar galego». E inténtano durante uns días, pero logo vólvenme a contar: «Xa deixamos de facelo porque os nosos amigos, os nosos pais, case todos falan castelán». Atópanse descolocados e mesmo ás veces son tachados de *snobs* ou os compañeiros chegan a pensar que intentar facerse ver. Van asimilando actitudes, porque no meu caso son esixente e gústame que na miña clase se fale galego, pero segue a ser complicado a formación destes falantes en lingua galega.

**—¿Non percibe ningún cambio para mellor, entón, dende que comezou a exercer a docencia?**

—É difícil dar unha resposta concisa porque perdín un pouco a perspectiva con respecto a outros centros. No meu caso, o Valle Inclán é un instituto onde se podería dicir que case o 99% dos rapaces son castelán falantes, residentes practicamente todos no centro de Pontevedra. Iso impídeme ter unha imaxe real do avance que se dou. Non obstante, noutras localidades, a porcentaxe de alumnos que usan a lingua galega é moito maior.

**—¿Segue a percibir prexuízos de cara á lingua galega?**

—Mellorouse, é certo, pero segue habendo moita reticencia e prexuízos cara o galego, tanto por parte de alumnos, como de pais e profesores. Se se rasca un pouco, nalgúns casos vese claramente que o consideran inferior. Recordo unha anécdota con algún alumno no que se chegou a dicir: «Es que el gallego es de montunos». A cuestión da utilidade é tamén central: moitos rapaces pregúntanse para que lles serve o galego se eles o que queren é irse a estudar a Madrid ou Barcelona, por exemplo.

**—¿Como valora o papel dos medios de comunicación nunhas idades tan críticas?**

—A canle galega, por exemplo, que é na que os rapaces máis poden apreciar o uso da nosa lingua, moitos deles nin sequera a ven. Polo menos, non o fan por iniciativa propia e, se o fan, ás veces mesmo o ocultan. Un erro, dado que realmente hai bos contidos, como é o caso dalgunha serie, aínda que podería ofrecerse máis.

**—¿Queda, xa que logo, moito por facer?**

—É evidente que habería que traballar moito máis este tema e que se pode facer moito dende os medios de comunicación. Dende a prensa, por exemplo, podería ofrecerse máis información en galego, aínda que a estas idades practicamente non len xornais, cando ler en galego é realmente importantísimo. O papel da literatura, por outra parte, é tamén fundamental para os rapaces.



Elba Pillado, José Manuel López y Ángeles Pazos, en la presentación de la campaña en A Laracha | OLALLA LÓPEZ

Los días 22 y 23 estará abierta la unidad móvil situada en la plaza del Concello

# A Laracha anima a sus vecinos para que donen sangre

**Alexandra Tenreiro**

CARBALLO | La casa del Concello de A Laracha acogió ayer la presentación de la campaña de donación de sangre *Este verán salva vidas. Comparte saúde, doa sangue*, que impulsa el Centro de Transfusión junto con la Consellería de Sanidade y que tendrá lugar en 240 municipios de Galicia. Al acto asistieron el alcalde, José Manuel López Varela, y las representantes del CTG, Elba Pillado y Ángeles Pazos.

El Concello remitirá a los ciudadanos 1.200 tarjetas informativas en las que se hará un llamamiento a la participación en este acto altruista. Los días 21 y 22 de este mes, desde las 10.00 hasta las 14.30 horas, y desde las 16.00 hasta las 21.00, estará abierta la unidad móvil situada en la plaza del Concello.

La comarca de Bergantiños ha experimentado un importante incremento en la participación ciudadana en el año 2008, alcanzando un total de 1.474 donaciones, mientras que A Laracha vio reducida su participación en un 12%, con un total de 41 donaciones por 1.000 habitantes (430 donaciones), cifra que lo sitúa dentro de las recomendaciones de la Organización Mundial de la Salud. A Laracha se sitúa así, entre los 108 municipios de Galicia que superan la tasa de donación y que suman un total de 91.659 aportaciones en la comunidad.

El umbral de edad de los donantes más receptivos ronda los 33 años de edad. Según la responsable de comunicación del Centro de Transfusión de Galicia, Elba Pillado, «existe aún una barrera psicológica ante la donación de sangre, que impide que la gente se anime a venir a la unidad móvil», recuerda.

Los centros sanitarios gallegos necesitan alrededor de 44.000 donaciones en los meses de verano, ya que los períodos vacacionales tienen como característica común la dificultad de mantener estable la participación. Elba Pillado afirma que «es necesario despertar la sensibilidad y la solidaridad entre la población, ya que en verano no hay muchas urgencias derivadas, entre otras cosas, de los accidentes de tráfico».



A compañía Bocodobrelo interpretou a obra «Comedia Bífida» | CASAL

## Os expertos puxeron sobre a mesa as vantaxes e perigos do galego

La Voz

CARBALLO | Despois de tres intensos e produtivos días de traballo, onte clausurouse a quinta edición do curso de verán sobre dinamización lingüística celebrado no Pazo da Cultura de Carballo. Levou por título *Traballando en lingua* e iso foi precisamente o que fixeron os preto de 80 expertos en normalización lingüística que asistiron ás interesantes conferencias e sesións de traballo, nas que se puxeron enriba da mesa as ameazas, pero tamén as fortalezas e vantaxes da lingua galega.

Pero non todo foi traballar, porque os asistentes tamén tiveron a oportunidade de asistir á inauguración da exposición *Crónicas da represión lingüística*, que poderá verse ata o día 31, ou a representación de *Comedia Bífida* por parte da compañía Bicodobrelo.

## Neria recibe 360.000 euros para poner en marcha un innovador proyecto turístico

La Voz

CARBALLO | El Ministerio de Industria acaba de conceder una subvención de 360.000 euros a la asociación Neria para que desarrolle el proyecto Red de Contenidos Costa da Morte Móvil 2.0. Se trata de un innovador plan de promoción turística que tiene por objetivo ofrecer a través del teléfono móvil toda la información que la entidad presenta en las guías que ha elaborado a lo largo de los últimos años y también en los museos que están bajo su responsabilidad. El proyecto se llevará a cabo en un plazo de dos años con la colaboración de la Diputación de A Coruña. La primera reunión de trabajo se celebrará este mismo lunes.

## TELÉFONOS DE INTERÉS

| | |
|---|---|
| Urgencias Médicas | 061 |
| Cruz Roja. Urgencias | 981 222 222 |
| Sos Galicia | 112 |
| Salvamento Marítimo | 981 767 500 |
| Xunta de Galicia | 902 120 012 |
| Bomberos Carballo | 981 758 057 |
| Bomberos Cee | 981 748 484 |
| Tráfico | 981 132 160 |
| **CABANA.** Ayuntamiento | 981 754 020 |
| **CAMARIÑAS.** Ayuntamiento | 981 736 000 |
| Guardia Civil | 981 736 262 |
| Protección Civil | 607 481 967 |
| **CARBALLO.** Ayuntamiento | 981 704 100 |
| Guardia Civil | 981 704 065/704 791 |
| Protección Civil | 981 757 275 |
| Policía Local | 981 701 722 |
| Incendios | 981 702 174 |
| Estación de autobuses | 981 700 195 |
| Recogida de basura | 981 701 642 |
| **CEE.** Ayuntamiento | 981 745 100 |
| Hospital | 981 706 010/981 706 196 |
| Incendios | 981 747 411/981 745 100 |
| Protección Civil | 981 747 411 |
| **CERCEDA.** Ayuntamiento | 981 685 001 |
| Policía Local | 981 685 229 |
| **CORCUBIÓN.** Ayuntamiento | 981 745 400 |
| Guardia Civil | 981 745 424 |
| **CORISTANCO.** Ayuntamiento | 981 733 001 |
| **DUMBRÍA.** Ayuntamiento | 981 744 001 |
| **FISTERRA.** Ayuntamiento | 981 740 001 |
| Protección Civil | 669 705 892 |
| Cruz Roja | 981 740 134 |
| **LARACHA.** Ayuntamiento | 981 605 001 |
| Guardia Civil | 981 605 009 |
| **LAXE.** Ayuntamiento | 981 706 903 |
| Guardia Civil | 981 728 038 |
| **MALPICA.** Ayuntamiento | 981 720 318 |
| Guardia Civil | 981 720 231 |
| Policía Local | 661 626 165 |
| **MUXÍA.** Ayuntamiento | 981 742 001 |
| Guardia Civil | 981 742 002 |
| Protección Civil | 981 742 497 |
| **PONTECESO.** Ayuntamiento | 981 714 000 |
| Guardia Civil | 981 714 023 |
| **VIMIANZO.** Ayuntamiento | 981 716 001 |
| Guardia Civil | 981 716 022 |
| Protección Civil | 981 717 108 |
| Incendios | 981 716 583 |
| **ZAS.** Ayuntamiento | 981 708 303 |

### AEROPUERTOS

| | |
|---|---|
| Aeropuerto Alvedro | 981 187 200 |
| Aeropuerto Lavacolla | 981 547 500 |
| Aeropuerto Peinador | 986 268 200 |

**VUELOS DIRECTOS**

**Iberia.** Conexiones a: Madrid, Barcelona, Bilbao, París y Londres. 981 187 254 / 902 400 500. Destinos en www.iberia.es

**Clickair.** Conexiones a Barcelona, Londres y Sevilla. 902 254 252. Destinos en www. clickair.com

**Spanair.** Conexiones a: Madrid y Barcelona. 902 131 415. Destinos en www.spanair.es

**Iberworld.** Conexiones a: Tenerife sur Destinos en www.iberworld.com

**Portugalia.** Conexiones a: Lisboa 981 187 283 / 902 100 145. Destinos en www. flypga.com

**Easyjet.** Conexiones a: Madrid 902 299 992. Destinos en www.easyjet.com

**DESDE SANTIAGO**

| | |
|---|---|
| Air Europa | 981 594 950 |
| Air Berlín | 902 320 737 |
| Ryanair | 807 220 032 |
| Vueling | 902 333 933 |

### FARMACIAS

| | |
|---|---|
| **CARBALLO** | |
| Gran Vía, 192 | 981 700 771 |
| Berdillo, 23 | 981 702 361 |
| Rúa do Muíño | 981 700 413 |
| ▒ Plaza de Galicia, 7 | 981 701 368 |
| Plaza de Galicia, 15 | 981 700 067 |
| ▒ Valle Inclán, 5 | 981 700 701 |
| Vázquez de Parga, 157 | 981 700 816 |
| **A LARACHA** | |
| Santa Lucía | 981 605 591 |
| ▒ Avda. Finisterre, 103 | 981 605 358 |
| Telleira, 29. Cabovilaño | 981 643 005 |
| Caión. Eduardo Vila Fano | 981 604 012 |
| **CERCEDA** | |
| ▒ Avda. de Galicia s/n | 981 685 003 |
| A Silva. Campo da Feira | 981 694 525 |
| **CABANA** | |
| A Carballa, s/n | 981 754 115 |
| Nantón. A Pedra, s/n | 981 724 940 |
| **ZAS** | |
| Ctra. Zas-Santiago, 46 | 981 751 129 |
| ▒ Baio. Obispo Romero | 981 718 044 |
| **LAXE** | |
| Av. Rosalía de Castro, 47 | 981 735 332 |
| **PONTECESO** | |
| ▒ Vereda, 1 | 981 715 276 |
| Corme. Real, 3 | 981 738 046 |
| **MALPICA** | |
| Villar Amigo, 1 | 981 707 101 |
| Buño. Santa Catalina, 50 | 981 711 423 |
| **CORISTANCO** | |
| ▒ Avda. Finisterre, 122 | 981 734 334 |
| Rúa da Pataca s/n | 981 734 242 |
| Agualada, Bormoio | 981 734 727 |
| **CAMARIÑAS** | |
| Plaza Insuela, 1-2 | 981 737 301 |
| ▒ Arenal, s/n | 981 736 280 |
| Camelle. Principal | 981 710 179 |
| A Ponte do Porto. Plza de San Roque, 2 | |
| **VIMIANZO** | |
| Trasariz, 56 | 981 717 270 |
| ▒ Blanco Rajoy, 34 | 981 716 018 |
| **MUXÍA** | |
| Calle Real, 45 | 981 742 015 |
| ▒ Os Muíños, 97 | 981 750 741 |
| **CEE** | |
| Avda. Fdo. Blanco | 981 745 165 |
| ▒ Praza da Constitución | 981 745 154 |
| Bermún-Pereiriña, s/n | 981 748 346 |
| **CORCUBIÓN** | |
| Calle Viña | 981 745 308 |
| **FISTERRA** | |
| ▒ Santa Catalina, 21 | 981 740 055 |
| Real 33 | 981 740 104 |
| Escaselas s/n | 981 740 354 |
| **DUMBRÍA** | |
| Carretera Ézaro, 57 | 981 712 665 |
| ▒ Barrionovo-Buxán | 981 744 119 |

▒ Farmacias de guardia

### AUTOBUSES

| | |
|---|---|
| **COSTA DA MORTE-CARBALLO-A CORUÑA** (salidas de Muxía, Fisterra y Camariñas) | |
| Autos Vázquez y Monbús | 981 700 195 |
| **Carballo-Santiago** | |
| Autos Carballo | 981 700 195 |
| **Carballo-A Tablilla** | |
| Hermanos Pallas | 981 700 195 |
| **Carballo-Cerceda** | |
| Autos Queijeiro | 981 700 195 |

## FOTO DENUNCIA

Envía tu foto denuncia a **redac.carballo@lavoz.es**



### UN AGUJERO EN EL COLEGIO FOGAR

Ahora que los colegios están cerrados sería un buen momento para solventar las deficiencias, como este agujero en la alambrada del colegio Fogar de Carballo, por el que se puede colar cualquiera. También los niños, lo que podría provocar accidentes indeseados. | J. M. CASAL